

**Acta núm. 09/2021.
 Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
 do 27 de abril de 2021.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
 Carlos Noya Pereira.
 María Rosa Romero Fariña.
 Sandy Marie Cebral Gómez.
 Non asiste: José Luis Sampedro Bouzas.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 27 de abril de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 08/2021, DO 20.04.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) LICENZA DE VADO PERMANENTE.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 08/2021, DO 20.04.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 20.04.2021, acta núm. 08/2021.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por INÉS RIVAS CARREIRA, na que comunica que vai construír un peche de parcela de 121 metros de lonxitude aproximadamente en Coruxido 1, Bastavales, con postes de madeira e arame, de 1,50 metros de altura con respecto á rasante natural do terreo.

A parcela onde se vai construír o peche (referencia catastral 7102612NH2470S0001GE) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O peche situarase mínimo a 4 metros do eixe do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 10,41 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 74,98 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL MÍGUEZ CASAL, na que comunica que vai realizar obras de pavimentación no interior da parcela de Guisande 17, Os Ánxeles, executando unha losa de formigón armada de 15 cm. de espesor.

A parcela (referencia catastral 6433428NH2463S0001DR) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a

ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e sitúase dentro da aldea de Guisande, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como AE3, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 133,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 197,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por VICENTE CASAL ROMERO, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta, a máis de 3 metros dos lindeiros, en Soutullos 7, San Salvador.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7525402NH2472N0001BY) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Situarase mínimo a 7 metros do eixe do vial norte e a 3 metros mínimo de tódolos lindeiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 245,42 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 309,99 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DEL CARMEN LIÑARES REY, na que comunica que vai facer un acceso á parcela de Cirro 18, San Salvador, dende a vía pública, colocando dúas columnas e un portalón de correioira de aproximadamente 12 metros de lonxitude.

A parcela onde se vai facer o acceso (referencia catastral 7629406NH2472N0001XY) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- As columnas e o portalón de acceso situaranse mínimo a 4 metros do eixe do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 7,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 71,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ PADÍN CARNOTA, na que comunica que vai limpar e reconstruír un muro de pedra de aproximadamente 50 metros de

lonxitude, situado no interior da parcela, a máis de 10 metros do vial, no lugar de Cornanda 12, Cornanda. Trátase dunha obra de conservación de escasa entidade técnica e construtiva.

A parcela onde se pretende executar as obras (referencia catastral 7136701NH1473N0001EA) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1), e situase dentro da aldea de Cornanda, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como CE2, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 43,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 107,57 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSEFINA BLANCO REY, na que comunica que vai limpar e reconstruír un muro de pedra de aproximadamente 3 metros de lonxitude, de separación entre lindeiros, no lugar de Cornanda, Cornanda. Trátase dunha obra de conservación de escasa entidade técnica e construtiva.

A parcela onde se pretende executar as obras (referencia catastral 7336802NH1473N0001MA) atópase sobre un ámbito de solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1), e situase dentro da aldea de Cornanda, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como CE2, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A altura do peche non superará nin a altura inicial do mesmo, nin 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 6,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 70,57 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por TONY ESPARÍS MATANZA, na que comunica que vai construír unha edificación auxiliar (alpendre) de 48 m², dunha única planta e escasa entidade construtiva, con fábrica de bloque ou ladrillo e tella como material de cubrición, en Lamiño, Brión.

A parcela onde se pretende executar as obras (resultado da segregación da parcela con referencia catastral 6661407NH2466S0001EO, que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local o 21.07.2020) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Situarase fora do espazo destinado á edificación principal, segundo a ordenanza de aplicación, mínimo a 22 metros do eixe do vial, arrimada aos lindeiros (sen prexuízo de danos a terceiros) ou illada destes, separada mínimo tres metros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 160,95 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 225,52 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARCELINO BOUZAS LOIS, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Nináns 5, Luaña, substituíndo a tella existente en mal estado por tellas novas, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral 0549103NH2404N0001HS) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1), e sitúase dentro do contorno de protección dun elemento incluído no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificado como LE6, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 66,09 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 130,66 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EDUARDO QUEIRO QUEIRO, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Liñares 24, Brión, substituíndo a tella existente en mal estado por tellas novas, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral 5651403NH2455S0001AA) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 64,79 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 129,36 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Yolanda Pérez Rocha, que di actuar en representación de YPGAL CONSTRUCTORA S.L., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión no Paseo de Pedrouzos 15, Brión, desde a rede de distribución existente ata a situación da CPM a instalar polo cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabia dunha lonxitude total de 9 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Martín Otero Labandeira, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña o 09/04/2021, visado nº 533/21-ST.

A edificación á que se pretende dar o subministro de enerxía eléctrica (referencia catastral 6555938NH2465N0001UU) sitúase en solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UNC-1 do PXOM, e conta con licenza de obra outorgada pola Xunta de Goberno Local o 10.11.2020.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 342,16 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 8,43 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 73,00 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Celestina López Morte, que di actuar en representación de NEDGIA GALICIA S.A., na que solicita licenza para executar obras de mantemento na Avda dos Ánxeles 30, Os Ánxeles, substituíndo unha válvula na rede, para o que será necesario realizar a apertura dunha cala de 3x1 metros, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Alejandra Risco Barba, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Madrid o 30/03/2021, visado nº 2102705/01.

A parcela onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 316,80 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 3,36 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 67,93 euros.

CUARTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Rosa María Facal Varela, que di actuar en representación de SILVINO REY FERNÁNDEZ e MARÍA JOSEFA SOUTO SOUTO, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Trasouteiro 14, Brión, segundo modificado do proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar, asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 17.03.2021. A parcela onde se pretende executar a obra (referencia catastral 5268305NH2456N0001SB) está clasificada como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 23.10.2020 (expediente 516/20), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- . A obra deberá axustarse estritamente ao modificado do proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar, asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 17.03.2021.
- . Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (120 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado nas beirarrúas e calzada), a execución das conexións de abastecemento e saneamento as redes existentes, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- . A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- . Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- . Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- . Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- . Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- . Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- . Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- . Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- . Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 120 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 19 de abril de 2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.430,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.526,03 euros.

QUINTO.- LICENZA DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ROBERTO CARLOS AGUIÓN DEL RÍO, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo ao local comercial sito en Avda. dos Ánxeles 55, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.

Total: 63,00 euros.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González